

	Grupo A (*)	Grupo B
Testemuñas de falta de hixiene:		
Escherichia coli.	n = 5, m = 10 c = 2, M = 10 <sup>2</sup>	Ausencia/g
Staphylococcus aureus.	n = 5, m = 10 c = 2, M = 10 <sup>2</sup>	n = 5, m = 10 c = 1, M = 10 <sup>2</sup>
Patóxenos:		
Salmonella.	n = 5, c = 0 Ausencia/25 g	n = 5, c = 0 Ausencia/25 g
Listeria monocytogenes.	n = 5, m = 10 c = 2, M = 10 <sup>2</sup>	n = 5, c = 0 Ausencia/25 g

n = número de unidades da mostra.

m = valor limiar do número de bacterias. O resultado considerarase satisfactorio se tódalas unidades que compoñen a mostra teñen un número de bacterias igual ou menor ca m.

M = valor límite do número de bacterias. O resultado considerarase non satisfactorio se unha ou varias unidades que compoñen a mostra teñen un número de bacterias igual ou maior ca M.

c = número de unidades da mostra, da que o número de bacterias poderá situarse entre m e M. A mostra seguirá considerándose aceptable se as demais unidades teñen un número de bacterias menor ou igual a m.

(\*) Non se investigará reconto total de aerobios mesófilos e enterobacteriaceas nas comidas preparadas que leven como ingredientes produtos fermentados ou curados.

3. Para efectos de control dos sistemas de esterilización da industria, as mostras someteranse periodicamente ás probas de estabilidade e esterilidade correspondentes.

As comidas preparadas esterilizadas (grupo C) terán sufrido un tratamento térmico que garanta a destrución das formas vexetativas, as esporas de bacterias patóxenas ou toxiséxicas e os microorganismos capaces de alteralo produto.

4. As comidas preparadas envasadas a base de vexetais crus (grupo D), cumpriran as seguintes normas microbiolóxicas:

	Día fabricación	Día caducidade
Indicadores:		
Reconto total aerobios mesófilos.	n = 5, c = 2 m = 10 <sup>5</sup> , M = 10 <sup>6</sup>	n = 5, c = 2 m = 10 <sup>6</sup> , M = 10 <sup>7</sup>
Testemuñas de falta de hixiene:		
Escherichia coli.	n = 5, c = 2 m = 10, M = 10 <sup>2</sup>	
Patóxenos:		
Salmonella.	n = 5, c = 0 Ausencia/25 g	
Listeria monocytogenes.	n = 5, c = 2 m = 10, M = 10 <sup>2</sup>	

n = número de unidades da mostra.

m = valor limiar do número de bacterias. O resultado considerarase satisfactorio se tódalas unidades que compoñen a mostra teñen un número de bacterias igual ou menor ca m.

M = valor límite do número de bacterias. O resultado considerarase non satisfactorio se unha ou varias unidades que compoñen a mostra teñen un número de bacterias igual ou maior ca M.

c = número de unidades da mostra, o número de bacterias da cal poderá situarse entre m e M. A mostra seguirá considerándose aceptable se as demais unidades teñen un número de bacterias menor ou igual a m.

5. Os criterios para a valoración das normas microbiolóxicas do presente anexo serán os seguintes:

a) Os xermes indicadores deben axudar a xulgar-lo bo funcionamento do establecemento e o procedemento de autocontrol aplicado na elaboración das comidas preparadas.

b) Un contido de xermes testemuña de falta de hixiene superior ó establecido na presente norma implicará a revisión dos métodos de vixilancia aplicados nos puntos de control crítico, de acordo co establecido no artigo 10 deste real decreto.

c) De superarse os límites establecidos para os xermes patóxenos, os produtos afectados serán retirados do mercado e excluídos do consumo humano.

As comidas preparadas non conterán ningún outro microorganismo patóxeno nin as súas toxinas, nunha cantidade que afecte a saúde dos consumidores.

d) Os programas de mostraxe estableceranse segundo a natureza dos produtos e a análise de perigos establecido no artigo 10.

e) A toma de mostras realizarase no produto listo para a súa comercialización, venda ou subministración.

**811** REAL DECRETO 3487/2000, do 29 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía. («BOE» 11, do 12-1-2001, e «BOE» 29, do 2-2-2001.)

A Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, introducindo na Comisión Nacional de Enerxía algunhas modificacións organizativas. Así, créase a figura do vicepresidente da Comisión e amplíase o número de membros do Consello Consultivo de Hidrocarburos. Por outro lado, en relación coas funcións que lles corresponde exercer ós Consellos Consultivos de Electricidade e de Hidrocarburos como órganos de asesoramento desta Comisión, efectúase unha adaptación da configuración como preceptivos dalgúns dos informes que deben emitir, con obxecto da mellor adecuación das súas funcións ós fins que teñen asignados.

De acordo con iso, mediante este real decreto preténdese adapta-lo Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía ás novidades introducidas pola mencionada lei, desenvolvendo aqueles aspectos que o requiren co obxecto de que as modificacións organizativas introducidas poidan incorporarse plenamente ó funcionamento deste órgano.

Por último, en materia de financiamento da Comisión Nacional de Enerxía, o Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, establece na súa disposición transitoria sexta, sobre ingresos da Comisión Nacional de Enerxía, que «a contía dos ingresos da Comisión Nacional

de Enerxía, establecida no artigo 43 do presente real decreto, fíxase ata o 31 de decembro do presente ano».

En consecuencia, e co fin de lle permitir á Comisión Nacional de Enerxía obter os ingresos necesarios para o seu financiamento durante o exercicio de 2000, resulta necesario establecer no presente real decreto a contía de ingresos referida no Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, durante o ano 2000.

Na súa virtude, por iniciativa do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía, por proposta conxunta dos ministros de Administracións Públicas e de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2000,

## DISPÓÑO:

### **Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía:

1. Modifícase o número 5 do artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«Cando a Comisión Nacional de Enerxía emita informe, deberá somete-lo obxecto deste a consulta do asesor xurídico da Comisión ó que se refire o artigo 26 do presente real decreto. Así mesmo, no exercicio das funcións segunda, terceira, cuarta e sétima da disposición adicional décimo primeira.terceiro.1 da Lei do sector de hidrocarburos, o informe debe someterse ademais a consulta do Consello Consultivo que resulte competente por razón da materia. A Comisión Nacional de Enerxía emitirá o seu informe tomando en consideración o resultado das consultas mencionadas, que se achegarán como documentos anexos.»

2. Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 6, que queda redactado da seguinte forma:

«Con carácter xeral, a Comisión Nacional de Enerxía deberá emiti-los informes que lle sexan requiridos no prazo de dez días. Non obstante, no exercicio da función cuarta da disposición adicional décimo primeira.terceiro.1 da Lei do sector de hidrocarburos, o prazo para a emisión de informe será de quince días, e nas funcións segunda, terceira e sétima, dun mes.»

3. Modifícase o número 1 do artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O Consello de Administración estará composto por un presidente, oito vocais, entre os que se nomeará un vicepresidente, e por un secretario que actuará con voz pero sen voto. O nomeamento do presidente, do vicepresidente e dos vocais realizarase de acordo co previsto na disposición adicional undécima da Lei 34/1998.»

4. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 21, que queda redactado da seguinte forma:

«Para a válida constitución do Consello, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e tomas de acordo, requirirase a presenza, ó menos, do presidente e do secretario ou, se é o caso, dos que os substitúan, e de catro dos seus outros membros. Para estes efectos, os membros do Consello deberán asistir persoalmente ás reunións deste.»

5. Modifícase o artigo 22, que queda redactado da seguinte forma:

«A duración do mandato do presidente e os vocais da Comisión Nacional de Enerxía, así como as causas de cesamento nos seus cargos, serán as que establece a disposición adicional undécima da Lei do sector de hidrocarburos, na que se recolle o réxime de incompatibilidades ó que estarán suxeitos.

A duración do mandato do vicepresidente coincidirá coa do seu mandato como vocal da Comisión Nacional de Enerxía.»

6. Modifícase o artigo 23, que queda redactado da seguinte forma:

«A retribución do presidente, do vicepresidente e os vocais será fixada polo ministro de Facenda de acordo co procedemento establecido para os altos cargos de entes e entidades de dereito público nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.»

7. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 24, que queda redactado da seguinte forma:

«O presidente, o vicepresidente e os vocais da Comisión Nacional de Enerxía, ó cesaren no cargo e durante os dous anos posteriores, non poderán exercer ningunha actividade profesional relacionada cos sectores enerxéticos. En virtude desta limitación, ó cesaren no seu cargo por expiración do termo do seu mandato, renuncia ou incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, o presidente, o vicepresidente e os vocais da Comisión Nacional de Enerxía terán dereito a percibir, a partir do mes seguinte a aquel en que se produza o seu cesamento e durante un prazo igual ó que desempeñaron o cargo, co límite de dous anos, unha compensación económica mensual igual á doceava parte do 80 por 100 do total de retribucións asignadas ó cargo respectivo no orzamento en vigor durante o prazo indicado.»

8. Engádese un artigo 25 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 25 bis. *Vicepresidente.*

Ó vicepresidente da Comisión Nacional de Enerxía correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Substituí-lo presidente nos caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
- b) Colaborar co presidente en cantas tarefas lle sexan requiridas.
- c) Exerce-las funcións que lle delegue o presidente.
- d) Exerce-las demais competencias que lle confira o regulamento de réxime interior da Comisión.»

9. Modifícase o artigo 29, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 29. *Funcións dos consellos consultivos.*

De acordo co establecido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, o Consello Consultivo de Electricidade e o Consello Consultivo de Hidrocarburos, en relación co sector sobre o que cada un é competente, poderán emitir informe respecto das actuacións que realice a Comisión Nacional de Enerxía no exercicio das súas

funcións. Este informe será preceptivo sobre as actuacións que se vaian desenvolver en execución das funcións segunda, terceira, cuarta e sétima recollidas no punto terceiro.1 da disposición adicional undécima da citada lei.»

10. Modifícase o número 2 do artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As sesións dos consellos consultivos estarán presididas polo presidente da Comisión Nacional de Enerxía ou, na súa ausencia, polo vicepresidente.

Actuará como secretario do Consello Consultivo o secretario do Consello de Administración da Comisión Nacional de Enerxía.

Para a celebración das sesións dos consellos consultivos será necesaria a concorrencia da metade dos seus membros.»

11. Modifícase o número 2 do artigo 36, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As comisións permanentes serán presididas polo presidente da Comisión Nacional de Enerxía ou, na súa ausencia, polo vicepresidente, e actuará como secretario o secretario do Consello de Administración da Comisión Nacional de Enerxía.»

12. Modifícanse as alíneas e) e g) do número 1 do artigo 40, que quedan redactados da seguinte forma:

«e) Nove membros en representación das compañías do sector de hidrocarburos.»

«g) Catro representantes dos consumidores e usuarios.»

13. Modifícase o número 4 do artigo 40, que queda redactado da seguinte forma:

«Os nove membros representantes das compañías do sector de hidrocarburos distribúense de forma que corresponde un representante a cada unha das seguintes actividades ou suxeitos: operadores por xunto de produtos petrolíferos, distribuidores polo miúdo e titulares de instalacións de venda ó público de produtos petrolíferos, transportistas de gas, distribuidores de gas, comercializadores de gas, exploración e produción de hidrocarburos, refinación, almacenamento e loxística de hidrocarburos líquidos, operadores de gases licuados do petróleo.»

**Disposición adicional primeira.** *Determinación da contía que deberán aboar á Comisión Nacional de Enerxía os operadores por xunto de produtos petrolíferos.*

O ministro de Economía, mediante orde, co acordo previo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, fixará anualmente, con efectos do 1 de xaneiro, a contía que deberán aboar os operadores por xunto de produtos petrolíferos a que fai referencia o número 5 do artigo 43 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, obxecto da presente modificación.

**Disposición adicional segunda.** *Modificación das referencias a órganos do Ministerio de Industria e Enerxía e de Economía e Facenda.*

1. As referencias ó Ministerio de Industria e Enerxía contidas no Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, deberán entenderse efectuadas ó Ministerio de Economía.

Así mesmo, as referencias ó ministro de Industria e Enerxía deberán entenderse efectuadas ó ministro de Economía.

2. As referencias ó Ministerio de Economía e Facenda realizadas nos artigos 2.3, 44 e disposición adicional cuarta do Real decreto 1399/1999, do 31 de xullo, entenderanse efectuadas ó Ministerio de Facenda.

3. As referencias ó secretario de Estado de Industria e Enerxía efectuadas no artigo 20.2 do Real decreto 1399/1999, do 31 de xullo, entenderanse feitas ó secretario de Estado de Economía, da Enerxía e da Pequena e Mediana Empresa.

4. As referencias ó director xeral de Enerxía contidas no Real decreto 1399/1999, do 31 de xullo, entenderanse feitas ó director xeral de Política Enerxética e Minas.

**Disposición transitoria única.** *Ingresos da Comisión Nacional de Enerxía.*

Prorrógase a vixencia da disposición transitoria sexta do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, ata o 31 de decembro do ano 2000, polo que durante o exercicio correspondente ó ano 2000 será de aplicación ós operadores por xunto de produtos petrolíferos a contía fixada no número 5 do artigo 43 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o número 3 do artigo 25 e o primeiro parágrafo da disposición adicional primeira do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

*(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 29, do 2 de febreiro de 2001.)*

**943** *REAL DECRETO 7/2001, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento sobre a responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. («BOE» 12, do 13-1-2001.)*

A disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, modificou a anterior Lei de uso e circulación de vehículos de motor, texto refundido aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, pasando a denominarse Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. Esta modificación supuxo un substancial cambio na regulación da normativa do seguro de subscripción obrigatoria de automóviles e a súa adaptación á Directiva 90/232/CEE, do Consello, do 14 de maio, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre o seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóviles, que amplía o sistema obrigatorio de aseguramento.